

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

7704 *Real decreto 600/2011, do 29 de abril, polo que se modifica o Regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo.*

Mediante a Lei 23/1982, do 16 de xuño, regulouse o Consello de Administración do Patrimonio Nacional, que se configura como unha entidade de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, organicamente dependente da Presidencia do Goberno e excluída da aplicación da Lei de entidades estatais autónomas. Os seus fins son a xestión e administración dos bens e dereitos do patrimonio nacional.

Mediante o Real decreto 496/1987, do 18 de marzo, aprobouse o regulamento desta lei, que dedica o seu título VI á organización do Patrimonio Nacional, e dentro del, o seu capítulo III refírese á estrutura orgánica do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

Atendendo ás necesidades de asegurar a súa eficacia na xestión, a estrutura orgánica do Consello de Administración do Patrimonio Nacional foi modificada mediante os reais decretos 694/1989, do 16 de xuño, e 2208/1995, do 28 de decembro.

En consideración ao tempo transcorrido desde que se aprobaron tales modificacións, este real decreto dirixese a actualizar a estrutura orgánica do Consello de Administración do Patrimonio Nacional. Trátase, por tanto, dunha norma de carácter estritamente organizativo e o seu obxectivo fundamental é o de introducir unha maior racionalidade e eficacia, acorde coa realidade actual, na estrutura do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, despois de máis de quince anos de que se realizou a última modificación organizativa.

A modificación límitase ao mencionado capítulo III do título VI, introducindo unha nova redacción dos artigos 80 a 85 do regulamento.

No seu contido, amplíase a enumeración que o artigo 80 leva a cabo das delegacións do patrimonio nacional, incluíndo as dúas novamente creadas desde a aprobación inicial do regulamento: A Delegación no Real Mosteiro de San Jerónimo de Yuste e a Delegación para os Reais Padroados.

Polo que se refire á estrutura dos servizos centrais do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, continúaase articulando en catro unidades, como ata o momento, ben que a modificación se refire á adecuación dos nomes daquelas e, consecuentemente, á reordenación das funcións entre elas. Así, establécese unha Dirección de Administración e Medios, unha Dirección de Conservación de Bens Histórico-Artísticos, unha Dirección de Actos Oficiais e Culturais e, por último, unha Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento.

A Dirección de Administración e Medios centraliza a xestión das funcións que son comúns a todas as unidades: recursos humanos, orzamentos, xestión económica e financeira, contratación, servizos xerais, subministracións e, por último, tecnoloxías da información e da comunicación, e que anteriormente se atribuían parcialmente á Secretaría Xeral.

As funcións da Dirección de Conservación de Bens Histórico-Artísticos aglutinan as funcións das anteriores direccións de Patrimonio Arquitectónico e Inmobles e de Actuacións Histórico-Artísticas sobre Bens Móbiles e Museos, co fin de garantir a coordinación de todas as actuacións sobre os bens histórico-artísticos do patrimonio nacional, sexan móbiles ou inmobles.

As funcións da Dirección de Actos Oficiais e Culturais refírense á xestión dos recursos das distintas unidades do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, así como

doutras entidades colaboradoras, para o desenvolvemento de actos oficiais, culturais e doutras cerimonias con carácter institucional.

Por último, as funcións da Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento son as relativas á planificación cultural, á coordinación dos museos, á promoción do patrimonio nacional, á captación de recursos procedentes de patrocinios, á asignación de medios a favor da investigación ou á innovación e ao desenvolvemento da estratexia comercial do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro da Presidencia, por proposta do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo.*

O regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo, modifícase do modo seguinte.

Un. O artigo 80 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Consello de Administración do Patrimonio Nacional estrutúrase en:

- a) Servizos centrais, e
- b) Delegacións nos reais sitios de Aranjuez, San Lorenzo de El Escorial, San Ildefonso, El Pardo e La Almudaina; a Delegación no Real Mosteiro de San Jerónimo de Yuste e a Delegación para os Reais Padroados.

2. As anteriores delegacións exercen, dentro do seu ámbito territorial, a administración e xestión ordinarias dos bens e dereitos adscritos a elas, así como a realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente, de conformidade con este regulamento e de acordo coa normativa aplicable.»

Dous. O artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«1. As delegacións do patrimonio nacional e os servizos centrais dependen do conselleiro xerente. Estes últimos estrutúranse nos seguintes órganos:

- a) Dirección de Administración e Medios.
- b) Dirección de Conservación de Bens Histórico-Artísticos.
- c) Dirección de Actos Oficiais e Culturais.
- d) Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento.

2. Están adscritos á Xerencia coas funcións que lles atribúen as disposicións vixentes e sen prexuízo da súa dependencia dos ministerios de Xustiza e de Economía e Facenda, respectivamente, os seguintes órganos, con nivel orgánico de subdirección xeral:

- a) a Avogacía do Estado e
- b) a Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. As funcións de dirección, coordinación e control inmediato das unidades referidas nos puntos anteriores, así como das delegacións do organismo referidas no artigo anterior, para a definición e seguimento da actividade do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, a calidade e mellora continua dos seus servizos, así como para a planificación, dirección e execución das actuacións en materia de seguridade serán exercidas polo conselleiro xerente, baixo a superior dirección do Consello de Administración do Patrimonio Nacional e do seu presidente.»

Tres. O artigo 82 queda redactado co seguinte texto:

«1. Correspóndelle á Dirección de Administración e Medios o exercicio das seguintes funcións:

a) A planificación, desenvolvemento e xestión dos recursos humanos, a formación e a acción social, a dirección da negociación colectiva e o servizo de prevención de riscos laborais.

b) A preparación do anteproxecto de orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, a tramitación das súas modificacións e o seguimento da súa execución, así como as mesmas funcións respecto aos orzamentos dos reais padroados.

c) A xestión económica e financeira de ingresos e gastos do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, así como a tramitación dos contratos, de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

d) A planificación e execución de plans en materia de tecnoloxías da información e comunicación, a coordinación de tales actuacións, así como a elaboración e actualización do inventario de bens e recursos informáticos.

e) A actualización permanente do inventario e a administración e xestión de bens inmoables integrados no patrimonio nacional e dos dereitos que forman parte del, así como a tramitación dos expedientes de afectación e desafectación deses bens e a preparación das correspondentes propostas.

f) A actualización permanente do inventario dos bens móbiles que non teñan carácter histórico, así como dos demais bens e dereitos que non correspondan a outro inventario do patrimonio nacional.

g) O réxime interior dos servizos xerais, a xestión das subministracións e a dirección e coordinación dos servizos de información, rexistro e documentación.

h) A realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente, de conformidade con este regulamento e de acordo coa normativa aplicable.

2. Correspóndelle ao responsable da Dirección de Administración e Medios a suplencia do conselleiro xerente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.»

Catro. O artigo 83 queda redactado do seguinte teor:

«Corresponde á Dirección de Conservación de Bens Histórico-Artísticos o exercicio das seguintes funcións:

a) A actualización permanente dos inventarios dos bens móbiles de carácter histórico ou valor artístico e de semoventes.

b) A elaboración e execución dos plans de actuación necesarios para a conservación, restauración e exposición de bens móbiles con carácter histórico ou valor artístico, así como dos elementos pictóricos ou escultóricos incorporados a edificios ou situados en parques e xardíns.

c) A elaboración e execución dos plans de actuación necesarios para a rehabilitación, restauración, mellora, conservación e mantemento de bens inmoables.

d) A adopción e desenvolvemento das medidas necesarias para o coidado, o mantemento e a mellora dos parques, xardíns e montes, así como o uso e xestión dos espazos naturais, en execución dos plans de protección ambiental aprobados polo Goberno, por proposta do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

e) O seguimento de actuacións de protección sobre os bens inmoables e sobre os bens móbiles con carácter histórico ou valor artístico. O coidado, atención e mellora dos museos, e a xestión dos depósitos de bens.

f) O desenvolvemento de proxectos de investigación para o cumprimento dos fins e obxectivos do patrimonio nacional de acordo coa súa lei reguladora.

g) A administración, conservación e restauración do arquivo histórico-documental, do arquivo fotográfico e dos fondos bibliográficos históricos.

h) As propostas de adquisicións respecto a bens, fondos documentais e fondos bibliográficos, con carácter histórico ou valor artístico.

i) A realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente, de conformidade con este regulamento e de acordo coa normativa aplicable.»

Cinco. O artigo 84 queda redactado do seguinte modo:

«Corresponde á Dirección de Actos Oficiais e Culturais o exercicio das seguintes funcións:

a) A planificación, organización operativa e desenvolvemento dos actos oficiais, así como a colaboración con outras entidades para a realización de actos con carácter institucional, coordinando para iso a xestión e o seguimento dos recursos dependentes das distintas unidades do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

b) A organización operativa e desenvolvemento dos actos culturais de Patrimonio Nacional, así como a colaboración con outras entidades para actos similares, coordinando para iso a xestión e o seguimento dos recursos dependentes das distintas unidades do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

c) A actualización permanente do inventario dos bens en uso, a súa xestión e o seu mantemento ao servizo da execución dos actos oficiais e culturais.

d) A realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente, de conformidade con este regulamento e de acordo coa normativa aplicable.»

Seis. O artigo 85 queda redactado da seguinte forma:

«Corresponde á Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento o exercicio das seguintes funcións:

a) O deseño e desenvolvemento da estratexia de comunicación, difusión e promoción do patrimonio nacional para o cumprimento dos fins e obxectivos que recolle a súa lei reguladora.

b) O fomento e a determinación dun marco global de colaboración con outras entidades públicas ou privadas orientado a potenciar a actividade do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

c) A análise e selección de oportunidades sobre a captación de recursos provenientes de patrocinios ou contribucións de mecenado cultural e actuacións altruístas.

d) O deseño e desenvolvemento da estratexia comercial do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

e) A asignación de medios en favor de programas culturais e accións educativas ou de promoción da investigación e innovación, para o cumprimento dos fins e obxectivos que recolle a Lei reguladora do patrimonio nacional.

f) A programación das actividades culturais do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

g) A coordinación da xestión de todos os museos do Patrimonio Nacional, a atención ao visitante así como o seguimento de suxestións, queixas e reclamacións.

h) A realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente, de conformidade con este regulamento e de acordo coa normativa aplicable.»

Disposición adicional única. *Supresión de unidades orgánicas.*

Quedan suprimidas as seguintes unidades:

1. Secretaría Xeral
2. Dirección de Patrimonio Arquitectónico e Inmobles
3. Dirección de Actuacións Histórico-Artísticas sobre Bens Mobles e Museos
4. Dirección de Coordinación de Medios e Seguridade

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente terceiro do Goberno
e ministro de Política Territorial e Administración Pública,
MANUEL CHAVES GONZÁLEZ